

O MISTERIO DA VARIÑA MÁXICA

Érase unha vez unha nena chamada Uxía, tiña dez anos e gustáballe moito xogar a ser detective coa súa irmá Sabela, que tiña oito anos.

Un día, estaban xogando na habitación de Uxía cando de repente...

- Que é iso? - dixo sinalando a alfombra.
- É unha variña máxica! - responde Sabela.
- Que dis, a maxia, non existe.
- Claro que si, mira - di Sabela achegándose.

Uxía séguea con coidado, colle a variña e di:

- Tes razón, é unha variña máxica! Vaia, pensaba que as fadas só eran un conto, pero é verdade que existen! Por suposto que si, pero en fin, centrémonos... de onde saíu esta variña?

- Non sei... - di Uxía un pouco triste.
- Non te das conta? É unha ocasión fantástica, agora podemos ser verdadeiras detectives - di Sabela, animándoa.

Despois dun rato a buscar e rebuscar, Uxía di:

- Aquí, aquí, aquí está! - saltando de alegría.

Sabela vai correndo onde Uxía.

- Que é iso? Un burato no chan... Podemos baixar? - di Sabela ilusionada.
- Vale, pero non deberíamos avisar a mamá e papá?
- Non, así non ten graza, pero o que si temos que levar é unha mochila con auga e comida, non sabemos o que nos espera...
- Tes razón, hai que ser prudentes - di Sabela cun ton serio.

Unha vez con cadansúa mochila, parten á aventura.

Cando por fin baixan, non poden crer o que ven os seus ollos... Un bosque máxico cun montón de fadas! As rapazas esperábanse algo moi bonito, mesmo máxico pero, tanto?!

- Ala - di Sabela.
- É fantástico - continúa Uxía.
- Pero todo isto está baixo a túa habitación, Uxía?
- Si, podemos vir cando queiramos!

Despois dun bo anaco descubrindo a zona, unha fada achégase e di:

- Ola, chámome Eira, sodes novas por aquí?" - e Uxía responde.
- Ola Eira, si, somos novas, chamámonos Uxía e Sabela.

- Encantada de coñecervos chicas, pero por que non tedes ás?
 - Porque somos humanas - di Uxía.
 - Que? - di Eira.
 - Que somos humanas - repite Sabela, confundida.
 - Chicas, aconséllaros andar con coidado, as fadas témoslle moito medo aos humanos.
 - E por que? - pregunta Sabela.
 - Vovos contar a historia: fai moitos anos, as fadas e os humanos estaban en paz, ata que un día, a raíña do país das fadas Sofía VI enfadouse co rei de España Xoan III. Daquela decidiron sacarnos a nosa maxia e arrebatarnos o noso territorio.
 - Vaia, non o sabía, síntoo moito - di Sabela.
 - Non é culpa túa - responde Eira un pouco triste recordando o que pasou fai anos.- O feito, feito está, eu confío en vós, sei que non ides facer nada malo - continúa.
 - Grazas por confiar en nós, Eira - di Uxía.
- Nese intre, a princesa do reino pasaba por alí e di:
- Ola Eira, quen son esas dúas?
 - Isto... son... dúas amigas - responde Eira intentando disimular que son humanas.
 - E por que non teñen...- nese preciso momento caeu na conta de que non eran fadas e grita - humanas! Gardas, vinde!
 - Non! Deixa que che expliquen, non son coma as demais, prométocho.
 - Moi ben, douvos vinte segundos para que me expliquedes por que hai dúas humanas no meu reino - di a princesa, moi enfadada.
- Empeza falando Uxía:
- Entendemos que non queiras que se repita o que pasou fai séculos pero... - e aí empezar a explicarlle o que descubriron na habitación.
- Despois dun rato, a princesa di:
- Vale, podedes quedarvos, pero tedes que prometer que non llo diredes a ninguén.
 - Si - gritan as dúas irmás a coro.
 - Pero unha cousa, non nos presentamos - di Uxía.
 - É verdade, pois eu chámome Aurora.
 - É un nome precioso - di Uxía.

- Pois nos chamámonos Sabela e Uxía - di Sabela.
- Encantada de coñecervos chicas, vouvos presentar a todo o reino.
- E como farás iso? - preguntan.
- Son a princesa e podo facer o que queira cando queira - di cun sorriso traveso,

Ao día seguinte, cando as rapazas volven, todo o reino estaba ao corrente do que pasara. Eira e Aurora xa as estaban esperando na entrada.

- Todos falan de nós, e non nos teñen medo.
- Estou súper contenta - grita Eira.

Nese momento, as dúas irmás espertan.

- Non vas crer o que soñei hoxe! - din as dúas irmás ao unísono.
- Empeza ti - di Sabela.

Ao contarse os seus soños, decatáronse de que... SOÑARAN O MESMO.

- Non é posible, como poderíamos soñar o mesmo? - di Uxía.
- Quizais é verdade que as fadas si existen - di Sabela levantando a alfombra.
- Non hai nada... - di Uxía, e as dúas nenas rompen a rir.

Esta historia explica que a maxia, mesmo sendo invisible, existe nos nosos corazóns, e quen sabe, como di Sabela, tal vez a maxia si existe nalgún recunchiño do mundo, esperando a ser descuberta polos ollos que aínda cren nela.